

NORMAS NA AULA-TALLER 1 / 2 DE ESTÉTICA

As normas de obrigado cumprimento por parte de todo o alumnado que faga uso as aulas-taller de estética do departamento de Imaxe Persoa, para un bo funcionamento do grupo e a creación dun bo ambiente de traballo:


1. O profesorado é a **máxima autoridade** dentro e fora da aula. O alumnado deberá seguir sempre as súas instrucións e normas para un correcto desenvolvemento da clase.



2. A **asistencia** a clase é obrigatoria. As faltas non xustificadas unha vez superado o 10% estipulado pola lei, ou o 15% de faltas xustificadas ou non, segundo as NOFC, producirán a **perda de dereito a avaliación continua**.
3. **Puntualidade**: segundo o recollido na NOFC, o inicio da sesión lectiva empezará cando soe o timbre, momento no cal todo o alumnado debe estar xa dentro da aula ou taller. O incumplimento desta obriga suporá unha falta de puntualidade.

As portas do centro pecharanse no mesmo instante en que soe o timbre de entrada.

O alumnado que chegue ó centro con retraso non poderá acceder á aula ou taller e quedará agardando ó cambio de clase na aula de convivencia, onde será custodiado polo profesor de garda correspondente.



4. Ó entrar na aula, o alumnado realizará un **saúdo** de cortesía.



5. O alumnado deberá acudir ás clases prácticas coas **uñas limpas, curtas e sen esmaltar**, co fin de garantir unhas condicións adecuadas de **hixiene, seguridade e correcta realización das prácticas**. Non se permitirá o uso de **uñas artificiais, extensións ou decoracións** cando estas poidan dificultar ou interferir na correcta execución das técnicas propias do módulo.

6. É **obligatorio** o uso de **uniforme** composto de pantalón, casaca e zocas (coa punteira pechada) e calcetín brancos. Recoméndase ter 2 uniformes, xa que o alumnado terá que vir con él en perfecto estado de limpeza e debidamente pasado polo ferro. O/A alumno/a que non estea provisto de uniforme non poderá realizar os traballos e acadará nos mesmos unha avaliación negativa. De tódolos xeitos, permanecerá no aula para realizar as actividades que lle indique/asigne a profesora, e sen interrompirla o normal funcionamento da clase. En caso de que alumnado sexa **reincidente** de vir sen uniforme ou de non telo nas condicións anteriormente expostas, terá que permanecer na aula de convivencia.
7. O alumnado levará habitualmente á casa o **uniforme e a lencería utilizados nas clases para o seu lavado e planchado**, garantindo que se atopen sempre en **perfectas condicións de hixiene, limpeza e presentación**.

Na aula-taller, os **zocos gardaranse nos armarios individuais habilitados para tal fin**. A **casaca e o pantalón deberán quedar correctamente colgados nunha percha e gardados dentro dunha funda protectora con cremalleira**, que estará **debidamente identificada co nome do/a alumno/a**.

O alumnado será responsable de manter o seu uniforme **limpo, ordenado, correctamente gardado e en condicións adecuadas para o seu uso nas prácticas**.

7. O alumnado manterá o **pelo** limpo e recollido con coleiro ou bandó (en perfecto estado de limpeza).
8. É imprescindible extremar a **hixiene persoal** (ducha diaria), coidando escrupulosamente a hixiene bucal, xa que se traballará moi preto da clientela.
9. Non se traballará con **accesorios**, tales como pulseiras, reloxo, aneis, polo que se recomenda non traelos ó instituto. O alumnado que actúe como modelo retirará os piercings para evitar riscos. Á custodia destes accesorios será responsabilidade do alumno ou alumna propietario dos mesmos.
10. Os traballos en modelo, ben sexa cos propios/as compañeiros/as, serán realizados con **máscara**, e si é necesario, **luvas e gorro**.
11. Queda prohibido o uso do **móbil**. Para realizar fotos a algún traballo realizado, pedirase permiso ó profesorado e ó cliente. Está prohibido realizar fotos do profesorado, das instalacións e do persoal do centro en xeral.

12. A parte do material que compón o neceser do alumno, traerá **sabanilla protector de colchón impermeable**, con **base plastificada e superficie superior de tecido de rizo**, suave e adecuada para o contacto coa persoa modelo, (que se poden lavar), varias **toallas** que ocupen pouco abriguen e sequen rápido. Traerán tamén as súas propias **mascarillas**, paquetes de discos de **algodón** e papel tipo **cleanex e luvas**.
13. En xeral o alumnado só poderá ter acceso ó **material do centro** que sexa posto á súa disposición polo profesorado.
14. O alumnado responsabilizarase da conveniente **desinfección e/ou esterilización** (de ser posible) do seu propio material e do utilizado do aula-taller.
15. O alumnado será responsable de **limpiar o seu posto de traballo** e de deixalo en perfecto estado de orde e limpeza unha vez rematada a clase (padiola, mesado, carriño auxiliar), pasando a vasoira e a fregona, de ser necesario.



16. *** Todo o material, os produtos cosméticos, o mobiliario e a aparatoloxía deberán quedar en perfecto estado de orde, limpeza e conservación ao finalizar as clases. Calquera dano, deterioro ou anomalía detectada deberá comunicarse de inmediato ao Profesor da aula-taller. No caso de observarse danos ou deterioracións derivados dun uso inadecuado ou de non poder determinarse a súa orixe, informarase á Dirección, que adoptará as medidas que correspondan e determinará, de ser o caso, as responsabilidades oportunas.

Regra 17

COIDAMOS O NOSO ESPAZO DE TRABALO

ORDE • LIMPEZA • CONSERVACIÓN • RESPECTO

Un espazo ben coidado é sinónimo de profesionalidade

1

Todo o material, os produtos cosméticos, o mobiliario e a aparatoloxía deberán quedar en perfecto estado de **orde, limpeza e conservación** ao finalizar as clases.



PRODUTOS COSMÉTICOS



MOBILIARIO



APARATOLOXÍA



MATERIAL

2



Calquera dano, deterioro ou anomalía detectada deberá **comunicarse de inmediato ao profesor da aula-taller.**



3



No caso de observarse danos ou deterioracións derivados dun uso inadecuado ou de non poder determinarse a súa orixe, **informarase á Dirección**, que adoptará as medidas que correspondan e determinará, de ser o caso, as responsabilidades oportunas.



Respecta, coida e valora o noso material



MÁIS DURABILIDADE



SEGURIDADE PARA TOD@S



UN ENTORNO DE APRENDIZAXE MELLOR

ENTRE TOD@S FACEMOS UNHA AULA MELLOR

18. O alumnado debe manter posicións **ergonómicas** saudables tanto como profesional. como do cliente.
19. Está prohibido o uso de **palabras malsoantes** e faltar con **volumen elevado**.
20. Utilizarase unha **linguaxe técnico**.
21. É obrigatorio asistir a clase co “**necesar do alumno**” provisto do material necesario que será persoal, non poidéndose compartir. O alumno que non asista a clase co material, non poderá realizar os traballos e acadará nos mesmos unha avaliación negativa. De tódolos xeitos, permanecerá no aula para realizar as actividades que lle poña a profesora. Este material será o que utilice o alumnado cando actúe como **profesional**.
22. Está prohibido levar á clase **comida**, refrescos ou similares, así como e mascar chicle. Permítese beber auga.
23. **Realización das prácticas e participación como modelo:**

As clases prácticas realizaranse principalmente entre o alumnado do grupo e, cando a actividade así o requira, poderán participar modelos externos.

O alumnado deberá actuar como modelo nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliáveis nas que así se estableza, seguindo en todo momento as indicacións e as normas determinadas polo profesorado, agás cando exista unha causa debidamente xustificada e valorada polo profesorado.

No caso de que un/unha alumno/a se negue a actuar como modelo sen causa debidamente xustificada, deberá responsabilizarse de traer un modelo externo para que o/a seu/súa compañeiro/a de grupo poida realizar a práctica correspondente.

Se non achega o modelo externo necesario, non poderá realizar a práctica do módulo afectado, ao non poder garantir a reciprocidade necesaria para o desenvolvemento da actividade práctica.

24. Está permitida a **atención ó público** a partir da data a criterio da docente, segundo as necesidades do módulo.

25. O alumnado non poderá impedir o normal **funcionamento da actividade docente**: interrupción da clase, comportamento de maneira extraña, **impuntualidade**... Calquera destas accións serán consideradas, en aplicación do Regulamento de Réxime Interno, como FALTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS para a convivencia do centro.
26. O **incumprimento** dalgunha destas normas, ou de calquera outra que altere o normal funcionamento da actividade docente será SANCIONADO segundo o especificado no Regulamento de Réxime Interno.
27. Para **consultas** de titoría, revisión de examen ou outras cuestión o alumno/a usará o correo electrónico para comunicarse coa profesora (msaenz@edu.xunta.gal, etc). O correo da profesora **non está dispoñible** para responder de 20h a 8h (días laborais), sábados, domingos, festivos, nin períodos vacacionais.
28. O alumnado que por determinadas circunstancias (como ser delegado/a) que dispoña do número de **móbil da profesora**, ten prohibido proporcionarllo a outro compañeiro/a sin permiso expreso desta, en caso contrario pode incurrir en revelación de datos de carácter persoal, reservándose ésta o dereito a tomar as medidas que estime convenientes.

FUNCÍONS DO ALUMNADO

1. Acondicionamento do fregadeiro:
 - Prepara a zona para secar os boles
 - Prepara a baieta, toalla ou papel para secar os boles
 - Prepara a solución desinfectante
 - Seca e guarda os boles
2. Ordea os armarios dos produtos en uso
3. Ventilación do taller
4. Control de que queda todo limpo e recollido
5. Preparar o carriño auxiliar central e recollelo
6. Repoñer armarios, rolos de papel, algodón, etc.
7. Comprobar que as papeleiras quedan baleiras no cubo do lizo
8. Comprobar que os/as compañeiros/as realizan as labores de limpeza, desinfección e esterilización, de ser o caso.
9. Revisar cada carro libre e colocar e limpiar lupas, aparellos, mantas
10. Revisar as fichas de clientes.

Non se pode saír do taller ata o permiso da profesora tras a confirmación de que todo queda en orde.

Non se pode saír do taller antes do toque do timbre.

As/os abaixo firmantes, rubricamos a presente como garante de que a profesor/raetc, informounos das normas a seguir no aula-taller do módulo dede Estética, no IES Lamas de Abade.

En Santiago, a..... de Setembro 2026

CICLO:

[illegible]
